



Produto interior bruto



Variación interanual porcentual do PIB (Índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrigidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2016-2022

Evolución de la producción de carne de vacuno (en toneladas) - Galicia 2016 - 1er semestre de 2022 (en toneladas) - España de 1996 a 2022																																			
	% (T/T-4)	2016	2017	2018	2019	2020	2021	1T16	2T16	3T16	4T16	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22
Galicia		3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2	3,8	3,3	4	2,6	1,8	2	2	2,1	3,0	3,5	2,5	3,1	2,4	1,0	0,7	0,5	-4,2	-17,8	-6,5	-6,8	-2,3	15,3	4,2	5,0	5,1	5,2	2,5	
España		3,0	3,0	2,3	2,1	-11,3	6,1	3,7	3,0	3,0	2,5	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,7	-21,9	-9,2	-9,5	-4,4	17,9	4,2	6,6	6,7	7,6	4,4	

Fuentes: INE (Contabilidad Nacional Trimestral) ; IGE

No cuarto trimestre de 2022 o PIB galego medrou o 0,2% respecto do trimestre anterior, o cal levou a variación do PIB galego en termos interanuais a baixar 0,3 puntos e ficar no 2,2%. O crecemento intertrimestral do PIB español medrou conforme ao reflectido nas previsións e acadou tamén o 0,2%, polo que a variación do PIB interanual rexistrada en España foi do 2,4% (a previsión fóra do 2,7%), 2,1 puntos porcentuais menor ao último valor rexistrado na serie. Deste xeito, o crecemento do PIB galego segundo os índices de volume encadeados en 2022 fica no 3,8%, mentres que o PIB español medrou en 2022 o 5,5%, o que significa que nin Galicia nin España acadaron aínda o PIB que tiñan en 2019 (aínda que nos dous casos superan o 99% de dito PIB)

O *Gráfico 1* amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e permite facernos unha idea da magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos no *Gráfico 2*. Este gráfico recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos e aporta unha mellor perspectiva da diminución real da actividade económica e, sobre todo, da recuperación xa producida e do que falta ata que o volume das economías galega e española amosen os valores rexistrados con anterioridade á chegada da pandemia. Pódese observar que o valor do índice para Galicia no cuarto trimestre de 2022 (109,88) é case idéntico ao valor para o cuarto trimestre de 2019, último trimestre prepandemia (109,87), ou, o que é o mesmo, que Galicia recuperou o nivel anterior á pandemia tres anos despois. España, pola súa banda, pechou o cuarto trimestre co índice aínda un -0,7% por baixo do valor do índice no cuarto trimestre de 2019.

O avance do PIB galego para o primeiro trimestre de 2023 prevé un incremento do 0,4% en termos intertrimestrais e do 2,9% en termos interanuais. No que atinxe ao PIB español para o primeiro trimestre de 2023 a previsión é dunha suba do 0,5% porcentuais en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría a variación do PIB de España en termos interanuais a un crecemento do 3,8%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.238,7	2,8	0,2	6,3	0,5
España	23.580,5	92,7	0,4	321,1	1,4

Fonte: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A *Encuesta de Población Activa* (EPA) do primeiro trimestre de 2023 recolle un incremento da **poboación activa** galega de 2.800 persoas (o 0,2%) respecto do anterior, incremento de menor intensidade ao rexistrado en España no período (0,4%). En termos interanuais, a poboación activa galega incrementouse nun 0,5%, cun crecemento de 6.300 persoas respecto do primeiro trimestre de 2022. En España o incremento foi tamén superior en termos porcentuais (o 1,4%).


O número de persoas ocupadas en Galicia rexistrou unha redución cativa neste trimestre respecto do anterior (-800 persoas, o -0,1%, en liña coa media española en termos porcentuais) e aumentou en 12.300 respecto do primeiro trimestre de 2022 (o 1,1%, incremento inferior ao 1,8% rexistrado en España nese período). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no primeiro trimestre de 2023 ata o 47,0%, taxa inferior en unha décima á do trimestre anterior e inferior en -3,8 puntos porcentuais á taxa do 50,8% rexistrada en España no mesmo período, co cal o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España reduciuse nunha décima respecto do trimestre anterior. Para rematar coa análise da EPA do primeiro trimestre de 2023, e no que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, rexistrouse un aumento do paro no primeiro trimestre de 3.700 persoas, o que supuxo un incremento porcentual do 2,8%, mentres que as persoas en paro en España aumentaron no trimestre en 103.800 (incremento do 3,4% respecto do remate de 2022). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -6.000 persoas que representan unha diminución do paro nos últimos catro trimestres do -4,2%, porcentaxe moi superior ao descenso rexistrado en España que foi do -1,5%. Estes datos levan a que a taxa de paro en Galicia fiquese no 10,9% mentres que española pasou a ser do 13,3%.

A diferenza do que aconteceu no primeiro trimestre de 2022, o **paro rexistrado** reduciuse, aínda que de xeito cativo, no primeiro trimestre do ano respecto do trimestre anterior. Así, os Boletíns mensuais do paro rexistrado publicados no trimestre recollen unha diminución do paro de -375 persoas respecto do final de 2022 (menos do -0,3%). Con respecto do remate do primeiro trimestre de 2022 a diminución foi moi superior, logo de que o paro veña de reducirse en -11.489 persoas (o -7,5%) nos pasados doce meses. Así, o *Gráfico 3*, -que recolle a porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos cuartos trimestres de cada ano recollido aparecen sinalados en cor laranxa- amosa que o paro rexistrado leva 24 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución mantívose no trimestre entre o 5,5% e o 7,5%, tal e como está a suceder desde a segunda metade de 2022

Por sexos, neste trimestre medrou a diferenza entre o número de homes e mulleres rexistrados como parados, logo de pasar de preto de 22.500 máis mulleres rexistradas como paradas que homes a superar as 24.000. A porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas sobre o total pasou do 57,9% ao 58,5%. Respecto da situación rexistrada ao remate do primeiro trimestre de 2022, esta porcentaxe do 58,5% supera en catro décimas á rexistrada entón (58,1%).

1T23	Mes actual			variación mes anterior			%variación mes anterior			variación mes ano anterior			%variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	145.048	144.092	141.847	2.826	-956	-2.245	2,0%	-0,7%	-1,6%	-8.884	-10.417	-11.489	-5,8%	-6,7%	-7,5%
Homes	60.474	60.039	58.858	626	-435	-1.181	1,0%	-0,7%	-2,0%	-4.800	-4.982	-5.378	-7,4%	-7,7%	-8,4%
Mulleres	84.574	84.053	82.989	2.200	-521	-1.064	2,7%	-0,6%	-1,3%	-4.084	-5.435	-6.111	-4,6%	-6,1%	-6,9%
<30 anos	16.406	16.625	16.570	659	219	-55	4,2%	1,3%	-0,3%	-1.435	-1.987	-2.052	-8,0%	-10,7%	-11,0%
entre 30 e 44 anos	43.291	42.669	41.351	1.265	-622	-1.318	3,0%	-1,4%	-3,1%	-4.040	-4.579	-5.626	-8,5%	-9,7%	-12,0%
>44 anos	85.351	84.798	83.926	902	-553	-872	1,1%	-0,6%	-1,0%	-3.409	-3.851	-3.811	-3,8%	-4,3%	-4,3%
Agricultura e Pesca	4.809	4.739	4.648	-9	-70	-91	-0,2%	-1,5%	-1,9%	-924	-926	-892	-16,1%	-16,3%	-16,1%
Industria	15.051	14.780	14.463	-56	-271	-317	-0,4%	-1,8%	-2,1%	-1.618	-1.843	-1.996	-9,7%	-11,1%	-12,1%
Construción	10.147	10.064	9.813	-119	-83	-251	-1,2%	-0,8%	-2,5%	-1.135	-895	-1.012	-10,1%	-8,2%	-9,3%
Servizos	103.423	102.581	100.634	3.100	-842	-1.947	3,1%	-0,8%	-1,9%	-5.242	-6.797	-7.723	-4,8%	-6,2%	-7,1%
Sen emprego anterior	11.618	11.928	12.289	-90	310	361	-0,8%	2,7%	3,0%	35	44	134	0,3%	0,4%	1,1%

Fonte: Boletín mensual de paro rexistrado , Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



Ningún dos distintos grupos de idade viu reducións no paro rexistrado no mes de Xaneiro e todos a amosaron no mes de Marzo. O grupo de menores de 30 anos foi o único no cal medrou o paro no trimestre, mentres que nos outros dous grupos analizados o número de persoas rexistradas como paradas reduciuse (aínda que de xeito cativo, o -1% ou menos). Respecto do acontecido fai catro trimestres, o paro rexistrado amosa redución para os tres rangos de idade, aínda que segue a existir unha diferenza clara no comportamento desta variable entre as persoas de menos de 45 anos e o resto, de xeito que a redución anual do paro rexistrado entre as persoas de 45 ou máis anos foi inferior ao rexistrado para o resto de rangos de idade entre 7 e 8 puntos porcentuais. Así, as persoas deste rango de idade pasan a ser o 59,2% do total das persoas rexistradas como paradas ao remate deste trimestre.

Se atendemos á evolución segundo os sectores de actividade, o paro rexistrado diminuíu mes a mes tanto no sector primario como na industria e na construción, mentres que nos servizos a redución do paro rexistrada en Febreiro e Marzo non foi quen de compensar o incremento rexistrado no mes de Xaneiro. No colectivo sen emprego anterior tamén aumentou o número de persoas paradas logo de seguir a tendencia oposta á do sector servizos, ao reducirse en Xaneiro e aumentar no resto do período. Ao analizar a evolución por sectores do paro rexistrado en termos interanuais, o mellor comportamento tívoo o sector agrícola-pesqueiro seguido do industrial, sectores para os que a redución superou os dous díxitos nos últimos doce meses (-16,1% e -12,1%, respectivamente) seguidos pola construción e os servizos. O grupo de persoas sen emprego anterior rexistradas como paradas foi o único que medrou desde o final do primeiro trimestre de 2022.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
1T2023	155.060	-30.360	-16,4%	-51.057	-24,8%
Homes	80.684	-12.197	-13,1%	-24.661	-23,4%
Mulleres	74.376	-18.163	-19,6%	-26.396	-26,2%
<30 anos	47.885	-11.899	-19,9%	-14.617	-23,4%
entre 30 e 44 anos	61.393	-10.321	-14,4%	-21.896	-26,3%
>44 anos	45.782	-8.140	-15,1%	-14.544	-24,1%
Indefinido	57.957	-2.479	-4,1%	10.981	23,4%
Temporal	93.806	-23.952	-20,3%	-63.259	-40,3%
Prácticas / Formación	846	-1.986	-70,1%	-473	-35,9%
Outros	2.451	-1.943	-44,2%	1.694	223,8%
Agricultura e Pesca	5.193	-149	-2,8%	-1.062	-17,0%
Industria	26.655	-2.150	-7,5%	-11.998	-31,0%
Construción	8.933	2.276	34,2%	-1.465	-14,1%
Servizos	114.279	-30.337	-21,0%	-36.532	-24,2%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

reduciuse respecto do trimestre previo en máis do -16%. En termos interanuais a contratación reduciuse aínda máis, e neste trimestre foi inferior á rexistrada no primeiro trimestre de 2022 en case o -25%. Os 155.060 novos contratos rexistrados representan o menor número de novos contratos dos seis últimos anos neste trimestre, aínda que a diminución no número de novos contratos foi maior nos meses de Xaneiro e Febreiro.

Ao analizar a evolución por sexos nos novos contratos vemos que o descenso na contratación neste trimestre foi maior entre as mulleres: así, o número de novos contratos asinados por homes superou o 52% do total, logo de que se firmaran máis de 6.300 novos contratos a homes que a mulleres. Deste xeito, a redución intertrimestral nos contratos asinados por mulleres superou en 6,5 puntos porcentuais á redución nos homes, e a interanual fixoo en 2,8 puntos.

Por rangos de idade, e respecto do cuarto trimestre, o descenso da contratación foi especialmente máis significativo entre persoas menores de 30 anos, entre quen a contratación diminuíu entre cinco e seis puntos porcentuais fronte aos outros grupos de idade considerados. Isto contrasta coa evolución comparada entre primeiros trimestres, xa que naquel caso foron os contratos entre persoas de 30 a 44 anos os que diminuíron máis en porcentaxe (se ben a redución foi menor neste caso e oscilou entre dous e tres puntos porcentuais).

A análise da contratación por sectores recolle variacións importantes entre sectores: asa construción, que viña de ter unha redución en novos contratos por riba da media no cuarto trimestre de 2022, rexistrou un incremento superior a un terzo de novos contratos respecto do sucedido entón, mentres que no resto de sectores amosaron reducións na nova contratación, redución que foi máis acusada no sector servizos, no que caeu nun -21%. Ao comparar co primeiro trimestre de 2022, todos os sectores amosan reducións da contratación de dous díxitos, reducións que son especialmente significativas no sector servizos e, sobre todo, na industria, na que a redución en novos contratos superou o -30%


Se atendemos aos distintos tipos de contrato asinados, todos os tipos de contrato viron o seu número reducido respecto do trimestre anterior, e cómpre destacar que, por terceiro trimestre consecutivo, rexistrouse un novo descenso nas novas contratacións indefinidas en termos intertrimestrais, se ben foi o tipo de contrato no que se produciu unha menor diminución (-4%), e a tendencia á aceleración na redución dos novos contratos indefinidos, observada nos últimos meses de 2022, non se mantivo no primeiro trimestre de 2023. Para rematar coa comparación co cuarto trimestre, o tipo de novos contratos que máis diminuíu foron os contratos de Prácticas / Formación, seguidos dos clasificados como Outros. En comparación co cuarto trimestre do ano anterior apréciase con moita claridade a influencia do Real Decreto-Lei 32/2021 na contratación por tipos de contrato, posto que, aínda que se firmaron un -25% menos contratos totais que entón, se rexistran incrementos porcentuais de tres cifras nos contratos tipo Outros (223%) e de dúas cifras nos indefinidos mentres que se reducen de xeito

significativo tanto os de prácticas/formación como os temporais, nos que se rexistraron baixas nos novos contratos de entre o -35% e o -40%, respectivamente.

	Afilación media mensual 1º trimestre 2023 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	1.030.738	1.035.824	1.043.530	-11.525	5.086	7.706	-1,11%	0,49%	0,74%	8.784	9.678	15.073	0,86%	0,94%	1,47%
España	20.081.224	20.170.142	20.376.552	-215.047	88.918	206.410	-1,06%	0,44%	1,02%	454.063	475.870	542.049	2,31%	2,42%	2,73%

Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)

A **afiliación media** en Galicia pecha o primeiro trimestre de 2023 de xeito moi similar a como o fixera no trimestre anterior cun incremento no número de persoas afiliadas de apenas 1.300 persoas (0,1%) respecto das rexistradas no cuarto trimestre de 2022, logo de rexistrar baixa por riba do -1% en Xaneiro e subas máis modestas en Febreiro e Marzo, comportamento típico neste trimestre. Esta evolución contrasta cos datos rexistrados en España, onde se produciu un incremento da afiliación media por riba das 78.000 persoas afiliadas (0,4%), logo dun descenso significativo da afiliación en Xaneiro e subidas en Febreiro e Marzo.



O **Gráfico 4** recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Nel pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e xa acadou dous anos consecutivos de crecemento. Logo de que no mes de Xaneiro este crecemento acadara o seu valor mínimo (0,86%) desde Marzo do 2021, en Febreiro e Marzo o incremento interanual colleu novo pulo e fica preto do 1,5% ao remate do trimestre. A variación interanual da afiliación media en España seguiu a mesma evolución, e tivo en Xaneiro o seu incremento menos intenso (2,3%) para pechar o trimestre por riba do 2,7%. O diferencial da taxa de incremento interanual entre Galicia e España, que acadara un máximo por riba dos dous puntos porcentuais en Maio de 2022, está a descender desde entón e ao rematar o primeiro trimestre ficaba por baixo dos 1,3 puntos porcentuais.

Sinistralidade

Os datos finais de sinistralidade en 2022 facilitados polo Ministerio de Traballo e Economía Social indican unha redución no número de accidentes laborais con baixa en Galicia do -2,5%, e racha deste xeito coa tendencia ao alza observada desde o pasado ano e que se mantivo ata o pasado mes de Agosto. Dado que os accidentes leves con baixa supuxeron, como é habitual, o 98% do total de accidentes, as tendencias observadas para eles coinciden en grande medida coas totais, mentres que os accidentes graves reducíronse nun porcentaxe lixeiramente superior (-3,4%). Os accidentes mortais superaron aos rexistrados en 2021 nunha alta porcentaxe (preto do 40%). Tal e como xa se recollera en edicións anteriores deste Boletín, o forte incremento neste grupo de accidentes rexistrado na primeira parte do ano vencéllase co tráxico naufraxio do pesqueiro Virxe de Pitaxo, con 21 falecidos.

Accidentes con baixa en xornada laboral e índices de incidencia por sectores de actividade en Galicia (2021-2022)

	Accidentes con baixa en xornada			Índices de incidencia		
	2021	2022	% Var	2021	2022	% Var
Agríc.-pesca	2.054	1.890	-8,0	3.998	3.746	-6,3
Industria	6.694	6.621	-1,1	4.659	4.558	-2,2
Construción	4.217	4.125	-2,2	5.431	5.210	-4,1
Servizos	13.425	13.100	-2,4	1.854	1.765	-4,8
Total	26.390	25.736	-2,5	2.647	2.531	-4,4

Fonte: Estadística de accidentes de traballo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

Accidentes con baixa en xornada laboral por gravidade en Galicia (2021-2022)

	2021	2022	% Var
Leves	25.929	25.270	-2,5
Graves	413	399	-3,4
Mortais	48	67	39,6
Total	26.390	25.736	-2,5

Fonte: Estadística de accidentes de traballo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

A distribución da sinistralidade por sector de actividade sinala diminución en todos os sectores. O sector agrícola-pesqueiro (-8,6%) foi o único con diminucións superiores á media, mentres que o resto de sectores rexistra diminucións máis cativas, especialmente na industria. Os índices de incidencia amosan unha tendencia similar no seu comportamento, se ben neste caso a redución porcentual foi superior á redución porcentual de accidentes en -1,9 puntos. Se atendemos aos índices de incidencia, de novo é o sector agrícola-pesqueiro o que amosa unha redución maior, aínda que o sector servizos tamén tivo unha diminución o índice de incidencia por riba da diminución media.

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2022)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	41	-7	10.481	3.181	41.542	24.383
España	679	73	192.751	-6.275	709.099	286.284

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

no -15%, mentres que o de participantes aumentou no 44% e o número de horas non traballadas o fixo no 142%. Os valores en España para os tres parámetros analizados non seguiron a mesma tendencia: así, o número de folgas medrou un 12%, pero o número de persoas traballadoras participantes nelas reduciuse en máis do -31%. As xornadas non traballadas foron o único parámetro que medrou tanto en Galicia como en España, se ben en España, aínda que o crecemento foi intenso (preto do 68%) o fixo menos que en Galicia

Se comparamos os datos da conflitividade por folga en 2022 fronte á rexistrada en 2019 atopamos reducións da conflitividade para todas as variables analizadas tanto en España como en Galicia.

Expedientes de Regulación de Empleo

Unha vez rematado o ano 2022, os datos facilitados na *Estadística de expedientes de regulación de emprego* publicada polo Ministerio de Traballo e Economía Social amosan unha forte diminución no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente, tanto en Galicia como en España, diminución que se está a producir

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Decembro 2021-2022

	TOTAL			DESPEIDIMIENTOS COLECTIVOS			SUSPENSIÓN DE CONTRATOS			REDUCCIÓN DE JORNADA S		
	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos	Variación respecto ano anterior		Valores absolutos
	Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %		Absolutas	En %	
Galicia	21.019	-17,541	-45%	889	-298	-25%	18.949	-12.937	-41%	1.201	-4.308	-78%
España	294.702	-308.897	-51%	24.215	-19.947	-45%	238.314	-244.804	-51%	34.173	-44.848	-57%

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, aí non están dispoñibles os acordados)

desde o segundo trimestre de 2021. Aínda que a redución total en termos porcentuais en España foi 6 puntos superior á galega (o -51% e o -45% respectivamente), se atendemos aos diferentes tipos de ERE dita diminución está a seguir evolucións diversas en Galicia respecto do que acontece en España. Así, os ERE por suspensión de contratos, que supuxeron o 90% das persoas traballadoras afectadas en Galicia e o 80% en España, reducíronse máis en España (o -51%) que en Galicia (o -41%), e as persoas traballadoras afectadas por ERE de despedimentos colectivos reducíronse nun -25% en Galicia fronte a redución do -45% en España. Porén, a diminución en traballadores e traballadoras afectadas por ERE de redución de xornada foi moito maior en Galicia, onde o descenso foi do -78%, 21 puntos porcentuais máis que o descenso rexistrado en España para ese tipo de ERE.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2022

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.	Euros	%var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	0,1	20,2	3,4	1.835,1	-1,0	14,8	2,5
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

A Encuesta Trimestral de Coste Laboral elaborada polo INE para o cuarto trimestre de 2022 sitúa o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia en 2.706,41 €/mes, valor que supera nun 1,6% ao rexistrado fai catro trimestres. En comparación, o custo laboral medrou en España nun 4,2%, tras acadar os 2.996,63 €/mes. Con estes datos, o custo laboral en Galicia foi inferior nun -9,7% ao da media española e o diferencial entre Galicia e España aumenta en 0,4 puntos porcentuais respecto do trimestre pasado.

O custo salarial en Galicia superou por primeira vez nun trimestre os 2.000 euros por persoa traballadora e mes. Os 2.035,99 €/mes supuxeron un incremento do 2,7% respecto ao cuarto trimestre de 2022. Pola súa banda, en España o custo salarial por persoa traballadora e mes medrou nun 4.7% interanual no trimestre, e ficou nos 2.268,00 €/mes, polo que a diferenza entre o custo

salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España incrementouse en 0,5 puntos porcentuais neste trimestre e fica no -10,2%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no cuarto trimestre medraron respecto aos do cuarto trimestre de 2021 en 0,1 e 1,3 puntos porcentuais respectivamente. No caso de España medraron tamén, e en porcentaxes moi superiores (o 3,7% os custos laborais, e o 4,1% no caso dos custos salariais). Deste xeito os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, volven a estar por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes, tal e como sucedera nos cinco trimestres anteriores ao trimestre pasado, único no que os custos por hora efectiva medraron máis en termos porcentuais.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2023

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	%variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	%variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.210	61.239,7	353	183,9%	111	-9,3%
Sociedades que ampliaron capital	306	90.322,9	62	-1,1%	-47	-14,7%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

estiveron preto de triplicar a cantidade do cuarto trimestre de 2022, quedaron por baixo dos invertidos no primeiro trimestre de 2022.

O número de sociedades que ampliaron capital superaron nun 25% ás do trimestre anterior e foron inferiores nun -13% ás do primeiro trimestre de 2022. Se atendemos ao capital invertido, dicir que mantívose constante respecto das sociedades que ampliaron capital a finais de 2022, e que a porcentaxe de redución do capital invertido (-15%) ficou en liña coa porcentaxe de redución de sociedades que ampliaron capital no primeiro trimestre do pasado ano.

O número de empresas disolvidas tamén rexistrou un forte incremento (o 31%) respecto do número do trimestre anterior, se ben mantivéronse por baixo das disolucións rexistradas no primeiro semestre de 2022 tras se reducir en case o -5% Pola súa banda, as sociedades que reduciron capital evolucionaron de xeito similar, logo de aumentar respecto ao do trimestre pasado, en preto do 14%, e reducirse en preto do -6% con respecto ao primeiro trimestre de 2022.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2023

	1T23	4T22	1T22
Sociedades disolvidas	547	417	573
Sociedades que reduciron capital	82	72	87
Sociedades en situación concursal	52	74	73

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores reduciuse en preto do -30% tanto respecto do trimestre pasado como do primeiro trimestre de 2022. Rexistráronse oito procesos de escisión de empresas, seis máis que no trimestre anterior e cinco máis que no primeiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión aumentaron ata chegar aos 27, catro máis que no trimestre pasado e que no primeiro trimestre de 2022.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

No primeiro trimestre de 2023, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 11 ditames sobre normativa laboral autonómica, cinco máis dos emitidos durante o primeiro trimestre de 2022.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro trimestre de 2023 tiveron entrada no AGA 44 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 11 máis das que foron recibidas no mesmo período do pasado ano. Entre as 29 mediacións e arbitraxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo de do período sinalado, a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 58,7%. Así mesmo, durante o pasado trimestre proseguíu a actividade de mesas negociadoras e Comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia, con 27 xuntanzas que afectaron a nove Convenios colectivos de sector. Durante este período asinou na sede do Consello a prorroga do Convenio do sector de Pompas Fúnebres de Galicia.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello: <https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>